



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico
Mes de novembro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE NOVIEMBRE 2008



1.- Resumo

Mes frío con repetidas entradas de aire frío procedente do norte.

O mes de novembro caracterizouse en xeral pola repetición de situacións de circulación do norte, que deixaron tempo frío, e moi húmido norte de A Coruña, e na provincia de Lugo; na provincia de Ourense as chuvias rexistradas achegáronse moito ás normais para esta época do ano. Se embargo nas áreas menos afectadas polo norte, como son o sur e o oeste de A Coruña e particularmente a provincia de Pontevedra, o mes resultou seco, sempre comparando coa media histórica neste mes.

Os primeiros 6 días de novembro estiveron caracterizados pola presenza dunha masa de aire frío desprendida da circulación de latitudes máis ó norte. Esta masa de aire frío alimentou unha borrasca que estivo centrada ó norte da Península Ibérica, deixando polo tanto ventos de norte, con frío en xeral, pero chuvias máis concentradas no tercio norte e máis dispersas no resto. Este episodio rematou coa entrada dunha fronte fría asociada a unha baixa centrada sobre Irlanda. Ata a xornada do 11 tivemos 4 días con ventos de compoñente oeste, temperaturas máis suaves e chuvias máis xeneralizadas. Os días 12 e 13 foron de transición con progresiva entrada anticiclónica. Entre os días 14 e 17 de Novembro Galicia estivo baixo condicións netamente anticiclónicas, que deixaron ceos despexados e temperaturas altas en toda Galicia, sendo este o único período en que toda Galicia rexistrou temperaturas altas para o mes de novembro. Entre o 18 e o 22 a situación foi intermedia, movéndose as altas presións cara ó oeste, dando lugar a entrada de ventos de compoñente norte. Neste días o contraste entre o norte e o sur de Galicia foi moi evidente, con nubes e chuvias no norte e ceos máis abertos no sur. A partir do día 23 entrou unha primeira masa de aire frío procedente do Atlántico norte, que deixou neve por riba dos 900 metros de altura o 24 e o 25. As xornadas do 26 e 27 estiveron caraterizadas polos ceos máis despexados, pero con permanencia da bolsa de aire frío, de xeito que as xeadas foron intensas. A xornada do 27 de novembro foi a máis fría do ano en moitos puntos de Galicia. Finalmente o mes terminou cunha nova entrada de aire polas marítimo que fixo descender a cota de neve ata os 700 metros o 28 e 29, acumulándose cantidades importantes de neve en tódalas áreas de montaña de Galicia.

Chuvia: As precipitacións estiveron por riba da media no norte de A Coruña e na provincia de Lugo, quedando en valores normais en Ourense. Sen embargo, as áreas máis protexidas do norte como o suroeste de A Coruña e a provincia de Pontevedra rexistraron precipitacións por debaixo do normal. Así, Ferrol rexistrou 19 días de chuva, mentres que este valor en Pontevedra redúcese ata 11.

Temperatura: As temperaturas foron en xeral baixas ou moi baixas, con diferencias de ata 2°C con respecto á media histórica. Isto é debido a que salvo dous curtos períodos o predominio foi de ventos de compoñente norte, que achegaron masas de aire moi frío e húmido.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	NOVEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	11.5	13.1	15.2 (1987)	11.2 (2004)
T ^a mínima media	8.9	10.3	12.3 (1992)	8.1 (2004)
T ^a mínima absoluta	2.6 (día 27)	3.4 (21/11/1993)		
T ^a máxima media	14.4	15.9	18.4 (1981)	14.0 (1976)
T ^a máxima absoluta	19.1 (día 15)	25.0 (20/11/1995)		
Precipitación acumulada	181	103-122	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	19	14	25 (1997)	1 (1981)

Comentario:

Mes moi frío en xeral, con temperaturas medias, máximas e mínimas aproximadamente 1.5 °C por debaixo dos seus valores agardados.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia superan claramente os valores climáticos, polo que o mes pode considerarse "moi húmido"



SANTIAGO

	NOVEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.2	11.5	13.9 (1983)	10.1 (1985)
Tª mínima media	6.5	7.9	10.5 (1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	1.2 (día 27)	-2.0 (28/11/1985)		
Tª máxima media	12.6	15.2	17.7 (1988)	13.7 (1984)
Tª máxima absoluta	18.1 (día 16)	24.7 (07/11/2003)		
Precipitación acumulada	111	170-267	514 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	13	16	26 (2000)	3 (2001)

Comentario:

*Mes frío en canto ás temperaturas mínimas e moi frío no que respecta ás temperaturas medias e ás temperaturas máximas, que rexistran o seu mínimo valor dende 1982**.*

A precipitación e o número de días de chuvia son inferiores ao valor normal; o mes pode considerarse "seco"

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	NOVEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.4	9.2	11.4 (1992)	6.5 (1980)
Tª mínima media	4.5	5.4	8.9 (1992)	2.3 (1973)
Tª mínima absoluta	-2.6 (día 27)	-5.0 (23/11/88)		
Tª máxima media	11.2	13.0	15.8 (1978)	9.5 (1980)
Tª máxima absoluta	17.0 (día 10)	23.0 (03/11/1981)		
Precipitación acumulada	138	95-109	239 (2002)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	15	13	26 (2000)	1 (1981)

Comentario:

Mes frío en canto ás temperaturas mínimas e moi frío respecto ás máximas e ás medias, 1.8 °C por debaixo do agardado.

A precipitación supera o rango normal de valores, polo que o mes pode considerarse "húmido"



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	12.0	14.3 (1983)	9.8 (1976)
Tª mínima media	6.9	7.4	10.4 (1983)	5.0 (1976)
Tª mínima absoluta	0.0 (día 27)	-0.8 (26/11/1976)		
Tª máxima media	14.9	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	19.6 (día 17)	26.3 (02/11/1987)		
Precipitación acumulada	103	159-223	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	11	13	25 (2000)	0 (2001)

Comentario:

Mes moi frío no que respecta ás temperaturas máximas e ás medias, 1.6-1.7 °C por debaixo do agardado. As mínimas, en cambio, entran dentro da normalidade.

A chuvia recollida non entra dentro do rango normal polo que o mes pode considerarse “seco”

OURENSE

	NOVEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.9	10.8	13.9 (1983)	9.0 (1973)
Tª mínima media	5.4	6.1	9.5 (1983)	2.1 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.8 (día 27)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª máxima media	13.3	15.5	18.2 (1983)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 10)	24.4 (04/11/1988)		
Precipitación acumulada	94	63-99	268 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	9	10	24 (1997)	0 (1981)

Comentario:

Mes frío no que respecta ás mínimas e moi frío no que respecta ás temperaturas máximas e ás medias, máis de 2 °C por debaixo do agardado e acadando os mínimos valores da serie.


A precipitación acumulada e o número de días de chuvia entra dentro da normalidade.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.
Mes de Novembro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Novembro 2008





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 11/2008

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas




T_{min} -- 11/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 11/2008

www.meteogalicia.es